



PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA XUNTA DIRECTIVA

Dña. Teresa María Oujo Reino, maior de idade, con DNI número 32.815.913-L, como secretaria da asociación Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) Ártabro Norte, con NIF número G-70.454.657, e domicilio social na Casa do pescador de Miño, rúa do Curro nº 33, código postal 15630, Miño, provincia de A Coruña, en virtude das competencias que teño atribuídas en virtude do artigo 22 dos Estatutos da mesma,

CERTIFICO QUE,

Que segundo se recolle na acta da reunión de Xunta Directiva celebrada o día 21 de abril de 2026 na Casa do Pescador do Concello de Miño, no punto 2. "Aclaracións de cuestións respecto á proposta de resolución provisional da Xunta Directiva da Convocatoria 2026 e modificación da mesma se procede", as entidades membro da Xunta Directiva (estando presentes ou representadas once das trece que conforman a Xunta Directiva) adoptaron os seguintes acordos:

1. A Xunta Directiva do GALP Golfo Ártabro Norte seleccionou provisionalmente en reunión mantida o día 8 de abril de 2026 os proxectos considerados prioritarios para a execución da súa Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo, conforme aos criterios establecidos nesta e ao disposto na Orde do 12 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ao abeiro das EDLP, no marco do FEMPA 2021-2027 (DOG nº 10, do 16 de xaneiro de 2026, procedemento PE155A).
2. Todos as persoas presentes, en representación das entidades membro da Xunta Directiva, asinaron antes do comezo da reunión, a declaración de ausencia de conflito de intereses, e ausentáronse no momento da votación do proxectos nos que tiñan implicación.
3. Nos caso de empate nas puntuacións, o equipo técnico aplicou o disposto n punto 11 do artigo 19 ("fase de instrución") da Orde de Axudas do 12 de *decembro de 2025*.
4. Para unha correcta xestión dos fondos neste ámbito territorial, e poder chegar a cumprir ao máximo o obxectivo financeiro do programa, tendo en conta o Convenio asinado coa Consellería do Mar que ten por obxecto "establecer as condicións e obrigas que asume o GALP como entidade colaboradora da Consellería do Mar na dobre vertente de axente de desenvolvemento na aplicación da estratexia de desenvolvemento local participativa da zona pesqueira, e na xestión e control das axudas que se tramiten para o desenvolvemento da estratexia", a Xunta Directiva acorda que se aproben todos os proxectos económicos, non económicos e de concellos polas contías establecidas nos anexos, tendo en conta o límite orzamentario da Consellería do Mar e na propia Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo do Golfo Ártabro Norte.
5. Que no caso de non existir crédito orzamentario para atender todas as solicitudes aprobadas desta convocatoria 2026, a Xunta Directiva acorda que sexan incorporadas a unha lista de reserva, tendo en conta o artigo 21.4 da Orde de axudas do 12 de decembro de 2026



"Establecerase unha listaxe de reserva con aqueles proxectos incluídos na proposta de resolución definitiva dos GALP que non poidan recibir axuda por falta de crédito, que será empregada para os casos nos que non se esgote o crédito dispoñible ou se incremente este posteriormente en virtude de renuncias, de modificación de resolucións de concesión ou de dotacións orzamentarias adicionais".

6. A presente proposta quedaba condicionada á revisión da documentación requirida ás entidades solicitantes e ás comprobacións do sistema SANCIPES.
7. Esta proposta de resolución provisional de Xunta Directiva para proxectos das partidas orzamentarias 760, 770 e 780, así como os desestimados/inadmitidos da Convocatoria 2026, non creaba ningún dereito a favor da entidade solicitante proposta, estando suxeita á dispoñibilidade orzamentaria de crédito para as partidas orzamentarias 760, 770 e 780 para esta convocatoria 2026.
8. Estableceuse un prazo de alegacións de 10 días hábiles contados dende o día seguinte a súa publicación no taboleiro de anuncios do GALP Golfo Ártabro Norte e na páxina web dos Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro de Galicia, (<https://galp.xunta.gal/>) que foi o día 8 de abril de 2026.
9. Os membros da Xunta Directiva acordaron que unha vez publicada a resolución provisional, no caso de non recibir alegacións ao respecto, as propostas de resolución provisional quedarían aprobadas definitivamente, elevándose a público a correspondente proposta de resolución definitiva sen necesidade de levar a cabo unha nova reunión presencial da Xunta Directiva, ao non existir alegacións nin modificacións respecto aos acordos adoptados nesta reunión. No caso de que, tras a revisión da documentación presentada, se detecten cambios que afecten ao contido da proposta provisional, o equipo técnico deberá informar aos membros da Xunta Directiva, mediante correo electrónico, sobre as modificacións realizadas para que poidan expresar a súa conformidade ou non conformidade, antes da publicación da proposta definitiva.
10. Dentro do período de alegacións o luns 20 de abril de 2026, recibíuse unha alegación ao respecto do seguinte proxecto, que foi debatida polo membros da Xunta Directiva, previa proposta do equipo técnico:

EXPEDIENTE PE155A-2026-00204

1. A Confraría de Ferrol presenta alegación a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (2026/1144132) o día 21 de abril de 2026, á proposta de resolución provisional da Xunta Directiva deste GALP, en relación á solicitude presentada para o proxecto arriba referenciado, ao abeiro da Orde do 12 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de acuicultura 2021-2027, e se convocan as correspondentes ao ano 2026, (código do procedemento PE155A).



C.I.F. G-70.454.657

2. En dita alegación se solicita revisar os investimentos para os que se solicitou axuda e se consideraron non subvencionables: "aluguer 2 módulos de WC Festa do marisco 2026" (importe solicitado 2.700 €) e "extintores, certificado de montaxe, entrega e recollida de material" (importe solicitado 2.980 €).

Tendo en conta a proposta técnica da xerencia, propónse estimar parcialmente a alegación presentada, pola maioría dos membros da Xunta Directiva:

- Denegar a alegación efectuada sobre o investimento "aluguer 2 módulos de WC Festa do marisco 2026", por non resultar imprescindible para a execución do proxecto.
 - Estimar a alegación efectuada sobre o investimento "extintores, certificado de montaxe, entrega e recollida de material", por ser un investimento necesario para a execución do proxecto, que necesita da instalación das carpas para levar a cabo a actividade. (importe solicitado 2.980 €).
11. Realizadas as correccións oportunas, tendo en conta o punto 10, a Xunta directiva acorda elevar a público unha proposta de resolución definitiva de proxectos, para as partidas orzamentarias 760, 770 e 780, así como de desestimados/inadmitidos das tres partidas orzamentarias, que será trasladada á Consellería do Mar para a súa aprobación definitiva.
12. Esta proposta de resolución definitiva, xunto cos correspondentes anexos publícase no taboleiro de anuncios do GALP Golfo Ártabro Norte, así como na páxina web dos GALP de Galicia.
13. A proposta de resolución definitiva de Xunta Directiva para proxectos das partidas 760, 770 e 780, así como os desestimados/inadmitidos da Convocatoria 2026, non crea ningún dereito a favor do solicitante proposto, estando suxeita á dispoñibilidade de crédito orzamentario para as partidas orzamentarias 760, 770 e 780 para esta convocatoria 2026.
14. Xúntanse como anexos á presente proposta de resolución provisional:
- ⇒ Anexo I: Partida orzamentaria 760
 - ⇒ Anexo II: Partida orzamentaria 770
 - ⇒ Anexo III: Partida orzamentaria 780
 - ⇒ Anexo IV: Proxectos desestimados/inadmitidos

E para que conste, aos efectos oportunos

Miño, 23 de abril de 2026

Visto e prace

José Antonio Anido Nuñez
Presidente



Grupo de Acción Local
do sector Pesqueiro
Golfo Ártabro Norte

Teresa María Oujó Reino
Secretaria

